# O NOSO VIVEIRO 2.0.

## Nº 2








# CEIP RAQUEL CAMACHO

## CURSO 2012-2013










*CEIP RAQUEL CAMACHO (A CORUÑA)*

# O NOSO VIVEIRO 2.0.
# Nº 2

## EDITORIAL

**Ola toda a comunidade educativa do centro e lectores desta revista dixital.**
**Este curso de novo sae O noso viveiro 2.0. facendo un gran esforzo por parte de todos e todas en aportar as súas coloboracións.**
**Para este número realizáronse traballos variadísimos que esperemos vós fagan sentir moi satisfeitos a todos e todas que colaborástedes dun xeito ou outro na súa realización.**
**Para os lectores desexarlles que desfruten e que perdonen os fallos que se poidesen realizar, mais que teñan en conta que foron feitos por uns redactores que deixaron todo o seu cariño na súa realización; nenos e nenas de todos os niveis do centro.**
**Queremos dar as grazas ao profesorado que supervisa para que esto chegue a editarse, ao alumnado que son os verdadeiros artífices de que esta revista estea na rede, ao coordinador do equipo das tics e aos que dun xeito ou outro foi posible a súa realización.**

**PARABÉNS**

# O MUIÑO MOE E MOE



O NOSO CÓMIC
6ºA - E.I.
MAIO 2013

# O MUIÑO MOE E MOE.

6ºA- E.I.







Traca traca
CARLOS
Bo! Xa marcharon.


Señor cabalo! foron por aló!
SAÚL


Que fame teñen!
PABLO
Bee!!
Traca, traca


SAMUEL
Muíño, auga ou vento?


YOEL
Hoxe hai auga para moer!
Beeen!
Guau


LUCIA
Cómpreme fariña para as sardiñas.
Guau! Guau!
Traca


SHAYAN
Traca, traca traca, traca
Pío pío
Miau!
Guau


IAN
Imos cabaliño que as sardiñas xa cheiran.


ISMA
Traca
Traca
Como chove!
e vai sol!


FLOR
Traca, traca
Quenta
soliño!


Traca, traca
Canta fariña!
SAMI


SABELA
Traca traca traca
Saiu o arco da vella!


LUIS
PLANTAS A MEDRAR!


Moe meu muiño!
Traca, traca

# A casa de melodía



A casa de melodía ten unha porta especial

5 liñas, 4 espacios e unha clave para entrar. NOA

Galichisteando.

# O MELLOR CHISTE DO NIVEL 5ºA EI

¿QUE LLEDI UN TRONCO A OUTRO TRONCO?

¡QUÉ PASA TRONCO!



5ºA . EI.

1ºA

# A HERBA DE NAMORAR

Un día un señor tocou a herba de namorar.

E despois tocou a María e fixéronse os mellores amigos.

Despois a noiva puxose celosa e rompeu as flores.

E as flores non volveron a facer maxia nunca xamais.



## CANCIÓN

A chataperanguela giii giii giii
como é tan fina,
trico tico tri,
como é tan fina,
lairo lairo lairo
lairo lairo lairó.

# A CASA DOS PEIXES



Polbo



Quenlla.



Estrela



Peixe globo



Manta



Paiasa



Augamar



Anguía.



Cabaliño de mar

1ºA

# GALECHISTEANDO

Ceip Raquel Camacho

NIVEL INFANTIL - 6B

Un ourizo vai paseando polo deserto e ve un cactus e di

¡MAMÁ!



¿Como esbirra un tomate?

KEPCHÚ



Completar a escena.

# O noso bulbo



INFANTIL - 6 B

# MUIÑEIRAS GALEGAS

## La,la,la la,la,la la,la,la,
## la,la,la, la,la,la, laaaaaaaa

## VAI A MUIÑEIRA DE... ... ...

"MUIÑEIRA DE TODO O TEMPO"

Antre herbales frescos
o craro camiño
arrastrando os zocos
vai para o muíño.
Envolto no vento,
tirado do chan,
o piñeiro é un grobo
e arela voar.
Ei vén o tempo de sachar o ceo,
ei vén o tempo do ceo sachar,
segar a ferrán das nubens serodias
para as estrelas do veran sementar.
O campo está hoxe
de fresco pintado,
esta noite os ríos
dormen enrolados.
A illa de Ons
preñada do mar
durmiuse no berce
que avala o luar.

Luís Amado Carballo

# CHISTES 1º A

Van duas pelotas polo deserto.
E unha se enkontra cun cacto.
E a outra dille.
Un cactossssssssssssss

Paula Astray Garea.

Ian dous e caeu o do medio.

Yago Agra Temprano

# ADIVIÑAS DE 1ºA

Ouro parece
plata non é.
Que é?



Longo coma un
camiño e non
descansa ata
que chegue ao seu
destino.

Carla e Katrina.



# Certamiño Poético

**Nome:** Sebastian Saez Saavedra **Nivel:** 3º A

## A ENERXÍA RENOVABLE

A enerxía renovable
é divertida e guapiña
serve para moitas cousas
é como unha chispiña.



# Certamiño Poético

**Nome:** Miguel Prieto Canosa **Nivel:** 3º A

## "O muiño"



A roda do muiño
traballa sen parar
moendo miudiño
e sen deixar de enfariñar.

O muiñeiro no muiño,
o panadeiro no obrador,
traballan dende cediño
ata que chega o solpor.



# Certamiño Poético

Nome: PAULA ........ Nivel: 5ºB E.I.

O MUIÑO NON É MUIÑO
QUE É CAPELA DOS RATOS,
DONDE SE DABAN OS BICOS
E MAILOS MOITOS ABRAZOS.



# Certamiño Poético

Nome: DAVID GARCÍA REMO ........ Nivel: 6ºA

*ESTRELA DO CEO*

Estrela do ceo,
que brila con desexo.
Estrela do ceo,
que brila cando a vexo.

A estrela do ceo,
brila con desexo
cando a vexo.



# Certamiño Poético

**Nome:** Ariadna Díaz Terraro ........................ **Nivel:** 6.º A ..........

## A miña boneca

De todas as miñas bonecas
hai unha que é a miña preferida.
Ten a cara chea de pecas
e unha nariz moi fina.

Os seus ollos son pardos
o seu pelo, liso e marrón.
Viste un bonito vestido largo
e zapatos de tacón.

É moi amable coa xente
pois ten un corazón xigante.
É xenerosa, intelixente
e moi elegante



# Certamiño Poético

**Nome:** Marta Valderrábano Cadenal ........................ **Nivel:** 2ºA ..........

## O CAMIÑO DO MUIÑO



Pasei polo camiño
onde estaba o muíño
e levei fariña,
e máis auguiña.

# Certamiño Poético

**Nome:** Sofía López Carreira **Nivel:** 3º A

## O PANADEIRO



Co panadeiro estou
co panadeiro traballo,
sempre arrincando o trigo
para facer o pan rico.



# Certamiño Poético

**Nome:** IVAN **Nivel:** 5º B E.I.

MUI MUIÑO, MUI MUIÑO,
BÓTAME A FARIÑA FORA
QUE A FILLA DA MUIÑEIRA
TEN UN CANTAR QUE NAMORA



# Certamiño Poético

Nome: INFANTIL Nivel: 6B

Bolboreta, bolboreta,
bolboreta aparecida
lucindo mantón de festa
na camposa florecida.



# Certamiño Poético

Nome: INFANTIL Nivel: 6 ANOS B

Meu neniño é un tesouro
máis feiticeiro.
O seu pai trácelle unha cuncha
que é mariñeiro.

# Certamiño Poético

Nome: INFANTIL Nivel: 6B

Vive nun carballo,
vai de póla en póla,
recolle bugallos,
xoga á mariola.



O ESQUÍO

# Certamiño Poético

Nome: INFANTIL Nivel: 6B

Pra, pre pri
a primavera
a primavera
pra, pre, pri
a primavera
xa está aquí



# Certamiño Poético

**Nome:** INFANTIL **Nivel:** 6.B

## A PRAZA MAIOR

A torre serena
no alto a campá
cantando por veces
o seu alalá.

# Certamiño Poético

**Nome:** Sara Cambeiro Carballo **Nivel:** 5.º A

## GALICIA



Galicia e fermosa
Galicia e maravillosa
temos rosas olorosas
temos pradeiras verdosas
temos bruxas e meigas
temos lume e lareiras
temos ríos e mares
temos camiños e vales
con Galicia soñaremos
a Galicia volveremos

# Certamiño Poético

Nome: Ariadna Pereiro Ferro ........ Nivel: 5.º A

As olas do mar
non paran de bailar
mentres os nenos e nenas
van a xogar.
Cos peixes da praia
que non paran de saltar.
E dende lonxe vemos,
barcos flotar



# Certamiño Poético

Nome: Sara Cambeiro Grille ........ Nivel: 5.º A

## GALICIA

Galicia e fermosa
Galicia e maravillosa
temos rosas olorosas
temos praderas verdosas
temos bruxas e meigas
temos lume e lareiras
temos ríos e mares
temos camiños e vales
con Galicia soñaredes
a Galicia volveredes

LIS LARIOS Arias
2ºB

# Visita ao Porto da Coruña

Alí vimos moitos peixes, ameixas e polbos.

Despois eu atopei unha concha de caracol mariño no chan. Tamén vimos barcos de pesca amarrados no porto.

E xa nos tivemos que ir ao autobús

para o colexio Raquel Camacho e chegamos a clase.
Recollemos as nosas cousas e fómonos. a casa moi ledos.

Fin.



Iker 2ºB

# Visita ao Concello da Coruña

Os nenos do Colegio Raquel Camacho do curso 2ºB fomos visitar o Concello da Coruña, puidemos entrar e famos a sala de reunións, pero non puidemos ver ao alcalde Carlos Negreira.

A volta os nenos de 2ºB forouse moi contentos porque lles gustou moito a excursión ao Concello



**Madrigal a cidade de Santiago**

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecida ao sol.

Chove en Santiago
na noite oscura.
Herbas de prata e de sono
cobren a baleira lúa.

Olla a choiva pola rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla o vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol.
Ágoa da mañán anterga
Trema no meu corazón.

Sofía García Quintela – 1°A

(Tomado de Federico García Lorca)

# Visita a Lagoa de Evis

A visita a Lagoa de Evris foi xenial, xogamos a encontrar cousas, vimos un castelo derrumbado e encontramos un ovo de mirlo, saltamdo como un saltón e por último famos á lagoa. Vimos patos, vimos tartarugas. Ensinounos a chica un experimento e volvemos ao colexio.

Andrea



Natalia

2ºB

# CHISTES DE 1ºA

Que fai unha gamba tirando pedras?
Gambarradas

Carla Estraviz Suarez

Como se ri o ollo?
Allolloollolloollo.

Alexandre Andrade Olivas

Que lle di un ovo a unha tixola
Tesme fritido.

Saray Sánchez Núñez

Era un home
tan pequeniño
tan pequeniño
que se sentaba
nunha moeda.

Raquel Villacorta Rubio

Por qué en Lepe
fan as casas redondas?
Para que os cans
non mexen nas esquinas

Irene García Rem

# O CINEMA

Nome: Nua
Profesor@s: Eva i Irene.

No cinema hai moitas personaxes como o cámara, o director, a productora, o actor, a actriz, o axudante da cámara, a perruqueira e o maquillador...

No cinema hai personaxes máis importantes que outros coma o actor ou actriz que son os que saen na pelicula.

Hai distintas maneiras de facer o papel iso depende da pelicula coma por exemplo se é triste, se é de acción, se é alegre, se é de suspense, se é de guerra, se é de medo...

Os actores ou actrices ensaian moito.

Támén hai os decorados e os efectos especiais.

E támen hai personaxes secundarios.

A min gústame as de acción e as de suspense.

E a ti?



# SAMAÍN



## ALGO DE HISTORIA

*Hai anos, coincidindo coa chegada do outono, apañábanse as cabazas que se sementaran entre o millo.*

*A rapazada que colaborara na colleita era agasallada con algunha destas cabazas para que tallaran nelas caveiras arrepiantes, canto máis arrepiantes moito mellor e que as colocaran, a noite do 31 de outubro, cunha candea dentro, nos camiños, entre as silveiras, nas fiestras das casas... co aquel de meterlle medo á xente que pasase a rentes delas.*

E.N.D.L
Equipo Normalización e Dinamización

Creáp. Raquel Camacho

# O Samaín



Na noite do 31 de outono comezaba o aninovo celta, marcando a transición do outono ao inverno. Durante a noite do 31 de outubro os druídas (a caste sacerdotal dos celtas) recollían as baías do acivro dos troncos de aciñeiras e carballos, cunha fouce de ouro. Acto seguido depositaban esas baias nun caldeiro ou as tiraban a un manto branco que sostiña outro druída no chan. Despois, esas baias tan especiais, terían indubidables poderes curativos para o poboado, e para as súas elaboracións "máxicas".

Uns días antes do ano novo, tiñan lugar innumerables sacrificios animais. Ademais de ter un carácter relixioso, temos que ter en conta unha cousa que se achega o inverno e hai que empezar a almacenar para facer fronte aos duros meses que veñen por diante. Estes sacrificios de animais, facíanse co obxectivo de aprovisionarse de carne e de pel para o inverno. Era a súa peculiar "matanza".

Esa noite está relacionada moi directamente co mundo dos mortos. Pois ben, esta crenza estaba moi arraigada no pobo celta. Eles crían que esa noite, unha "porta" abríase, e o mundo dos vivos quedaba en comunicación co dos mortos, polo menos por unhas horas. Durante este período non se podía saír do pobo, pois nesta noite, as ánimas dos finados volven visitar ás súas familias e ás súas vellas casas para quentárense ao carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles tiñan preparados os parentes. Durante esas horas, podíase tocar, palpar e ata se podía traspasar ao mundo dos mortos. Por iso en todo o pobo había fogueiras. Estas, non se acendían coa intención de espantar aos malos espíritos, nin nada diso, senón que se acendían para poder guiar aos mortos na escuridade da noite, para que atopase aos seus parentes e fogares, e puidésense quentar coa calor do lume do fogar.

Como apunte final a esta festa celta, hai que mencionar unha curiosa tradición: os celtas, esas noites, amontoaban as caveiras dos seus mortos (e tamén dos seus inimigos) e pintábanas. Esta tradición tivo repercusións na nosa cultura, xa que nas encrucilladas dos camiños facíanse amontoamentos de pedras (chamados milladoiros) e tíñase o costume de depositar unha pedra e pedir un desexo. Existe un milladoiro no camiño de Santiago, que é famoso (ademais de estar preto de Santiago de Compostela), porque posúe unha gran cruz de ferro. O feito de depositar unha pedra alí é signo de que non terás mala fortuna durante o que queda de viaxe, por iso os peregrinos soen levar unha pedra desde o seu lugar de orixe, ou ben a collen antes de chegar ao milladoiro.



# A lenda da cabaza



Fai moito tempo, nun pequeno pobo irlandés había un monxe chamado Jack. Jack, segundo algunhas lendas, era un tipo alto e delgado, que lle gustaba gastar bromas e facer maldades. Pero era un home astuto, e tanto o cría el, que ata fixo un pacto co demo. O pacto, contan, consistía en que o demo non o deixaría ir ao inferno se Jack facía o mal na terra. E así foi. Pero Jack era mortal, e como a todos os mortais chegoulle a súa hora. No ceo non o deixaron entrar, non podían deixar entrar a un ser tan malo, e claro no inferno o diaño cumpriu o seu parte e non lle deixou pasar, pero deu a Jack unha lanterna, unha peculiar lanterna en compensación por todo o mal causado. Esta lanterna consistía nun nabo oco cun carbón que sería incandescente por sempre. E desde entón cóntase que Jack (coñecido por Jack of the Lantern, Jack da lanterna) deambula polo mundo coa súa lanterna en busca dun lugar onde descansar.

Existe outra variante da lenda na que Jack fixo unha broma ao diaño; fíxolle rubir por unha árbore seca e quedou encerrado no seu tronco. A cambio da súa liberdade, o diaño teríalle que deixar de tentar coa bebida. E claro, como fora unha persoa que fixera malas accións, e como o diaño en vinganza pola broma non lle deixou entrar, quedou por "aí", vagando eternamente coa súa lanterna.



A lanterna era a base de nabo, entón... de onde vén a cabaza? Cando chegaron os primeiros colonos ingleses e irlandeses, tiñan a tradición do nabo, pero se atoparon coa cabaza. Esta ofrecía mellores características que o nabo: en primeiro lugar é máis grande que un nabo e pódese introducir unha vela, dando máis luz; en segundo lugar proporciona máis alimento; e en terceiro lugar é máis vistosa.

Existe tamén a lenda que se recorta a cabaza en forma de monstro e acéndese unha vela dentro para que Jack, Jack o da Lanterna, non se achegue a esa casa, empuñando a súa eterna luz para ver nas tebras...

# COMO SE TALLA UNHA CABAZA?



Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa pero procura que estea máis verde que madura. Durará máis tempo.



Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Serviráche de tapa.



Colle unha culler e valeira o interior da cabaza. Límpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.



Talla unha cara que produza moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o naris e a boca.



Colocade agora unha candea no interior e... a meter medo á veciñanza.

# Galichisteando

## O MELLOR CHISTE DO NIVEL 1º A

Que fai unha gamba tirando pedras?

Gambarradas

Carla Estravís Suarez

# Cousas que fixemos neste curso

Este ano cursamos 2º de primaria.

Traballamos moito tanto individualmente como en grupo. Cando nos portamos ben a profe faciamos xogos entre as actividades.

Fomos decorando a clase segundo a epoca do ano. No Nadal, nas diferentes estacións e no Entroido, onde participamos no desfile disfrazados de panadeiros.

Fixemos moitas excursións: ao porto, a María Pita, e a lagoa de Tirís onde o pasamos moi ben e aprendemos moitas cousas da natureza.

Déronnos charlas sobre temas moi interesantes: judo, a saude, a reciclaxe...

Celebramos o día do libro, das letras Galegas, etc....

Gustáronnos moito os titeres que viñeron ao colexio, ir ao Agora e a visita dos Reis Magos.
Este curso pasámolo moi ben, fixemos amigos e aprendemos moito.




2º A

Carla Astray Vilariña

# REFRANEIRO

3.ºB




XANEIRO

En xaneiro está bo o carneiro.




FEBREIRO

En febreiro a neve cae no outeiro.




MARZO

Marzo, marzolo, trebón e raiolo.



ABRIL

En abril cada pinga vale por mil.




MAIO

Maio chuvioso, verán caloroso.




XUÑO

Polo S. Xoán comeza o verán.



XULLO



AGOSTO

Xullo arder e patacas coller. En agosto os días son lóstrego



SETEMBRO




OUTUBRO

En setembro vendima correndo. Outono quente, inverno doente.




NOVEMBRO




DECEMBRO

No S. Martiño mata o porquiño. Se no Nadal neva, todo se aleda.

# A NOSA AMIGA KETELY

O día 5 de xuño a nosa compañeira Ketely marchou coa súa familia para Brasil.

Desde aquí queremos lembrarnos dela e que todos a coñezades un pouco.

Ketely era una nena guapa, intelixente, alegre, simpática e a mellor amiga que se pode desexar porque trataba moi ben a todos os compañeiros/as e se a necesitabas sempre estaba aí.

A ela gústaballe moito xogar, debuxaba xenial, bailaba moi ben e corría como un Ferrari.

Esta é a foto que fixemos o día que marchou.



*Querida Ketely:*

*Se, por casualidade, podes ver isto queremos dicirche desde aquí que te botamos moito de menos, que desexamos que sexas moi feliz alá, que esperamos que fagas moitos amigos e que nos gustaría que volveses algún día.*

*Moitos bicos.*

*Os teus compañeiros e compañeiras de 3ºA.*

# Certamiño Poético

**Nome:** Noelia Candal Freire **Nivel:** 3º A

## A ENERXÍA DO VENTO

A enerxía do vento
é un bo invento,
porque lle dan vida
os muíños de vento.



# O MUIÑO

OS SOÑOS NA GAIOLA

MANUEL MARÍA




O muíño moe, moe,
nunca deixa de moer:
¡Que as ondiñas do regato
con cancións o fan moer!

# A NOSA TARTA



# RECEITA

6°A-E.I.

# INGREDIENTES


3 ovos


3 vasos de fariña con lévedo


1 vaso de leite


1 vaso de aceite


1 vaso de azucre


raiadura de limón e de laranxa

e colacao

# PREPARACIÓN

Meturar todos os ingredientes nun bol coa batedora.
Fornear 1 h. a 180º.

Em

No meu barco de foguete

Teño un barco de xoguete
e nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
quen me dera navegar!

Navegarei por mil ríos
sete mares hei cruzar.
No meu barco de xoguete
cansarei de viaxar!

No meu barco de xoguete
mariñeiro e capitán...
Non teño medo ao trebón
nin me asusta o furacán.



# CARAPUCHIÑA VERMELLA







ONDE VAS CARAPUCHIÑA?
VOU A CASA DA MIÑA AVOIÑA


MENTRES NA CASA DA AVOIÑA ...


ABREME AVOIÑA
PASA, A PORTA ESTA ABERTA


COIDADO


AVOIÑA QUE OLLOS MAIS GRANDES TES


¡AVOIÑA, QUE BOCA MAÍS GRANDE TES!
É PARA COMERTE MELLOR!


SOCORRO
SOCORRO


Grazas cazador
Adeus lobo malo
E COLORÍN, COLORADO
ESTE CÓNIC ESTÁ
REMATADO

Cómic feito polos nenos e nenas de Educación Infantil do grupo 6B.

ALEX LEO

PABLO RUBEN

UNAI Valeria uxeue

Candela Yana

LUCIA UXÍA

BRAIS

NAHARA

DANIEL Xoel

Jairo

## NOME DAS MASCOTAS EN GALEGO

QUE NOME LLE PORÍAS A TÚA MASCOTA EN GALEGO

MASCOTA



NOME

LAMBÓN

Galichisteando

## O MELLOR CHISTE DO NIVEL ___4:___

Dous amigos:

- Pero Pepe, que che pasou?
- Pois nada, que iba coa moto moi rápido e... acórdaste do edificio ese que poñía no letreiro "se traspasa"?

Pois non é certo. Non pode traspasarse! É moi duro!




Na clase de música aprendemos a tocar e cantar esta canción.

## O RELOXO

TIC TAC
TIC TAC
AS AGULLAS DO RELOXO
TIC TAC
TIC TAC
VAN MARCHANDO
AMODIÑO
TIC TAC
TIC TAC
AO COMPÁS
DESTA CANCIÓN

3ºB

Galichisteando

O MELLOR CHISTE DO NIVEL 2º A

Que lle di un ollo a outro ollo?
-Estamos separados de narices.
Hugo Marán Aznar

Que lle di un ollo
a outro ollo?
- Estamos separados
de narices.

# MUIÑEIRAS GALEGAS

## VAI A MUIÑEIRA DE... ... ...




TOQUES DE MUIÑEIRA
COA PANDEIRETA:

-> Tataratiro

-> Tataratiro

-> Tataratá

-> Taratá

-> Taratiro

3º B

Noa Diana

# PROXECTO LECTOR

## LECTURA EN GRUPO

# OTA QUERE VOAR

**Este é o título dun libro que lemos todos os nenos e nenas de terceiro na clase como actividade do proxecto lector do centro.**

## OPINIÓN DE CADA LECTOR

**DIEGO :**

·A min gustoume moito porque a Ota pasáronlle
·moitas cousas por exemplo una vez estaba
·na praia e un neno atrapouna.

**EUNICE :**

·A min gustoume, é fermoso. Ota ten unha irmá, uns pais
·e unha amiga. Sempre facía travesuras. Recomendo que
·o leades.

**YAMMILA :**

Pareceume moi bonito, cada vez que rematábamos un capítulo eu quedábamo con moita intriga.
·Pareceume tan bonito que na miña casa facía un resumo.

**DIANA :** Ota quere voar é un libro moi divertido. E aos pequenos, gustaríalles ver, como pode ser a vida dunha gaivota como ela, que só quere voar.

**KEVIN C. :** A min gustoume moito o libro de Ota quere voar porque tiña un espírito moi aventureiro
Recoméndoo para que o leades

**LUCÍA P :**

Ota quere voar gustoume, porque coñecía amigos novos e ía a distintos sitios e pasáronlle moitas cousas divertidas menos cando a raptaron os nenos, e por fin voou.

**DANIEL :**

·A gaivota Ota pasou moito medo.

**SABELA. L**

·Gustoume moito é un libro moi bonito e moi emotivo.

**LAURA:** Paréceme un conto moi bonito. Son dez capítulos cada cal mellor. E un conto educativo. Serve para practicar lectura en galego.

**LUCÍA C.:**

. A min gustoume moito o libro. Porque ao final era de amizade.

**NOA:**

E un libro de aventuras dunha familia de gaivotas.
Paréceme unha familia moi unida e moi divertida.

**AINARA:**

A min parécerme un conto fermoso, claro que me gustou moito, e nos ensinou que non nos enganen e non os asesinen que vos vai encantar como a min. E un bo libro. Necesidad que o reader se podedes

**SABELA C:**

. Ota é unha gaivota lista e atrevida que se perde na cidade e conece a outra gaivota chamada Pau. Fanse amigas e corren moitas aventuras.

**JORGE:**

O libro é de aventuras dunha gaivota que acaba de nacer e quere aprender a voar

**JUNHAO:**

a gaivota Ota quería aprender a voar.

**TOMÁS:** E moi bonito.

Ota ten moitas aventuras e un conto moi bo gustoume e divertiume.

**ADELA:** Esta moi interesante porque aprendese a non escapar da túa casa. E moi bonito recoméndovolo ler. Vaivos gustar.

**PAULA:** A min o libro de Ota gustoume. Cando máis me gustou foi cando presentaron a Pau, A min paréceme un bo libro porque enfadábanse e logo facíanse amigas dunha forma moi bóa.

**YEURIS:**

. a gaivota ota quería aprender a voar e a mamá non a deixaba saír do niño ota escapou do
. cantil e dixo: estou voando. Vai Pau.

**KEVIN D:**

**IZAN:** O libro de Ota Quere Voar ~~me~~ encantoume sobre todo cas acaaba e me gustaría volver a repetir Ota Quer Voar.

**ANHELIZ:** O libro non está mal era divertido un poco triste pero ao final, acabou que Ota encontrou á súa familia e a min, gustoume moito o libro, porque acabou moi ben.

**LARA:** Gustoume moito, pareceume moi
. bonito e interesante cos seus personaxes o suspense e todo, a verdade e que me encantou.

OS SOÑOS NA GAIOLA – MANUEL MARÍA – CALIGRAMAS DA SÚA POESÍA

# GALIZA



NOME Yammila Valeria Barcelo Fernández NIVEL 3ºB

# NON AO MEDO!

Eu non lle teño medo a...



·As serpes



·As ratas



·Ao mar



·As abellas

Galichisteando

**O MELLOR CHISTE DO NIVEL 3ºB**

- Mamá, ¿Que fas en fronte do ordenador cos ollos
- pechados? Nada filla, é que Windows
- díxome que pechara as pestanas.



- Por que o mar fai escuma?
- Porque a sireniña chamase Ariel.



# A historia do apalpador

O apalpador é un personaxe da tradicción popular galega nacido no Caurel( serra de Lugo).Está ligado as festas do nadal e gústalle compartir con nós estes bonitos días. É un pastor grandullón e bo, de mirada doce e longas barbas coloradas que, co seu abrigo cheo de remendos e as grandes zancadas, recorre Galiza enteira. Durante o ano fabrica carbón, vive dos froitos silvestres, caza xabaríns, recolleita mel e fai aparecer,coas ramas dos bosques, os xoguetes que as madeiras agachan. O 31 de decembro baixa ás vilas, visita aos nenos e nenas casa por casa, refrégalles a barriguiña para ver se teñen fame e deixalles como agasallo castañas quentes e divertidos agasallos de madeira.



# O Apalpador



QUERES PARA TI O APALPADOR?

# O TANGRAM

O tangram é un xogo chinés moi antigo que consiste en formar figuras con sete pezas chamadas "tang" que son cinco triángulos, un cadrado e un romboide ou paralelogramo. Non se sabe cando se inventou, probablemente apareceu hai 200 ou 300 anos. Hai unha lenda que di que o criado dun emperador chinés rompeu sen querer un mosaico de cerámica moi caro. Deserperado, o criado tratou de formar de novo o mosaico a partir dos anacos rotos, pero foi imposible, sen embargo si que se deu conta que podía formar moitas outras figuras, como acontece no tangram.

As reglas do tangram son estas:

-Usar en cada figura todas as pezas.

-Non superpoñelas.

As figuras poden ser:

animais, persoas, vexetais, obxectos, letras números...

Hoxe en día o tangram úsase como entretemento en fisiología, educación física, deseño e filosofía.

Sabela Cavielles Pérez 3B

## PLATO TÍPICO VENEZOLANO

### "O PABELLÓN CRIOLLO"

É un dos platos máis representativos do meu país, Venezuela, cheo de cores e sabores variados. Sérvese ao longo de todo o ano.

O pabellón criollo tradicional está composto por arroz blanco cocido, carne mechada, caraotas negras "refritas" (guisadas y luego sofritas en mantequilla o aceite), talladas de plátano maduro frito e queixo blanco enteiro.

A historia do pabellón data dos tempos da colonia, probablemente do séculoXVIII e segundo se conta é básicamente unha reunión de "sobras" de comidas anteriores realizada polos esclavos das facendas.

**"É O MEU PLATO FAVORITO"**



*KAMIL SAMARÍ SIERRA RIBULLÉN* 4º B

# NOME DAS MASCOTAS EN GALEGO

QUE NOME LLE PORÍAS A TÚA MASCOTA EN GALEGO

MASCOTA



NOME

BOA

As actrices contan a obra representada na actividade de teatro do ANPA

Lucia
Diana
Adela
Paula

1º Primeiro temos que contar a vida de Francesco Tonucci que naceu en 1941 e con 28 anos recibiu unha distinción en ese campo e empezou a satirizar a realidade de da escola a través do nome de "Frato". Traballou como maestro e, en 1966 convertiuse en investigador no instituto psicológicó do consello nacional de investigación.

2º Facemos que durmimos e logo nos vamos despertando dun e un en silencio

3º Reunimonos para asaltar o congreso

4º E logo poñémonos en fila e pintámonos a cara con raias verdes e negras

5º Asaltamos o congreso dicindo o que queremos reivindicar por exemplo: que non haxa crise, que non haxa inxustiza, que nos fagan caso aos nenos, e que non haxa fam

Os Raquis

Título: Tonucci

Diana Adela

# OS BOLECHAS VIVEN NAS BIBLIOTECAS




**OLA, XA SABEDES QUE ESTAMOS NA BIBLIOTECA DO COLEXIO COMO PERSONAXES EN FORMA DE BONECOS PARA QUE NOS COÑEZACES BEN.**

**TEMOS MOITAS COLECCIÓNS DE LIBROS E GUSTARIANOS QUE PASEDES POR AQUÍ E LEADES TODAS AS NOSAS AVENTURAS E TODO O QUE QUEREMOS COMPARTIR CON VÓS PARA QUE SAIBADES COUSAS MOI INTERESANTES.**

**BUSCÁDENOS, ESTAMOS MOI FÁCILES DE ATOPAR. GRAZAS A TODOS E TODAS POLO VOSO ACOLLEMENTO.**


A MUIÑEIRA
OS SOÑOS NA GAIOLA
MANUEL MARÍA
CALIGRAMA DA SÚA POESÍA
Vella muiñeira, alma de
Leda muiñeira, amor e canción, rosa que se abre na nosa paixón! Forte muiñeira, donor
Vella muiñeira en nós
Noa 3ºB

**Ceip Raquel Camacho**

NIVEL 4º A

(1) Un neno díxolle a outro:

- Véndoche o coche
- Eu para que quero un coche vendado!

(2) - Comprei un reloxio
- Que marca?
- A hora.


O arco da vella, no ceo subido, co seu colorín, co seu colorido.
O arco da vella, con sete colores, que teñen, no ceo, beleza de frores.
O arco da vella, no ceo chantado co seu colorín, co seu colorido.
O arco da vella, é un arco triunfal, con sete guerreiros, que a ninguén fan ma
O arco da vella de luz feito é. ¡Resulta un milagre, que siga de pé!
OS SOÑOS NA
GAIOLA MANUEL
MARÍA CALIGRAMA
DA SÚA POESIA
O ARCO DA VELLA
Yammila 3ºB

NOME DAS MASCOTAS EN GALEGO

QUE NOME LLE PORÍAS A TÚA MASCOTA EN GALEGO

MASCOTA



NOME

UXÍA

NOME Noa López Noya NIVEL 3ºB

# NON AO MEDO!

Eu non lle teño medo a...




OS SOÑOS NA GAIOLA
MANUEL MARÍA
OS FOGUETES
O foguete sube ao ceo como un raio. Perde forza e cae ao chan moi desmaio.
Mais a cana do foguete cau de trano.
O foguete chega ás nubes! Que bravura! Que de estalos! Que bruido.
Que aguillada de foguete! Que galanl!

"ACTIVIDADE PLURILINGÜÍSTICA: GALEGO-CASTELÁN-INGLÉS-CHINÉS"

# la semana - A SEMANA - A WEEK

星期
xīng qī

Tuesday
martes
martes
周二
zhōu èr

Thursday
xoves
jueves
周四
zhōu sì

Saturday
sábado
sábado
周六
zhōu liù



lunes
周一
zhōu yī
Luns
Monday

miércoles
周三
zhōu sān
mércores
Wednesday

viernes
周五
zhōu wǔ
venres
Friday

domingo
周日
zhōu rì
domingo
Sunday

LUNS MARTES MÉRCORES XOVES VENRES

lunes martes miércoles jueves viernes

antonte
antes de ayer
前天
qián tiān

yesterday
onte
ayer
昨天
zuó tiān

today
hoxe
hoy
今天
jīn tiān

tomorrow
mañán
mañana
明天
míng tiān

pasadomañán
pasado mañana
后天
hòu tiān

Galichisteando

# O MELLOR CHISTE DO NIVEL 3º A

– Que é un "moño"?

– Un "añimal" que vive nas árbores e come "bañanas".



Nome do alumno: Sabela Caviellas Pérezer     Curso: 3ºB

## FICHA DO LIBRO

Título: O explorador e a moka

Autor: Poko Sugarzazu Daniel Colombo

Editorial: galaxia

**Signatura**

- ☐ Azul de 0 a 6 anos.
- ■ Vermello de 6 a 9.
- ☐ Verde de 9 a 11.
- ☐ Laranxa: cómic.
- ☐ Amarela: teatro.
- ☐ Rosa: poesía.
- ☐ Blanca: informativos.

**Valoración**

- ■ Gustoume moito.
- ☐ Está ben.
- ☐ Regular.
- ☐ Non me gustou.

**Debuxo do libro**



DIEGO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

Eu darcíche un morcego
se ti te chamas Diego

Deportivo campión
Ilusiona a esta afección
Emociona o meu corazón

Gaña a competición
O equipo campión

Na festa dos Maios
nacen as flores
en todas as rúas
de todas as cores

O muíño moe moe
moe o trigo amodiño
tocan as gaitas festeiras
para bailar as muiñeiras.

3ºB

# VISITAMOS A CASA DO HOME

**Os alumnos e alumnas de terceiro nivel de primaria fixemos unha visita cultural a casa do home. Recorremos todas as súas instalación onde vimos cousas moi interesantes; entre elas destacamos todas as actividades relacionadas cos sentidos que as puidemos desfrutar de forma interactiva que quere dicir que cada un de nós, elexía o que quería ver, escoitar, tocar, medirnos a estatura, pesarnonos, e saber a que velocidade e con que forza chutábamos co balón para marcar un penalti.**
**Tamén vimos una película en 3D sobre os fondos mariños coa que desfrutamos moitísimo.**




O DEPORTIVO ÀLE!!
DEPOR
SOLIDARIOS
XENEROSOS
TOLERANTES
REAL CLUB DEPORTIVO
LA CORUÑA
NOA-3ºB

# A vendima

aise nos meses
de setembro ou
utubro, segundo
 climatoloxía.

Para vendimar utilízanse navallas, tesoiras, coitelos..





En xeral, son as mulleres as que fan a corta dos acios das cepas baixas (*estaca* ou *espaller*), e os homes as altas (*parra* ou *lata*).

Os acios bótanse en cestiños ou capachos, e de aquí van ós *culeiros* (cestos grandes de forma moi especial).

NOA - 3°B





Os homes trasladan estes cestos ó carro (na actualidade ó tractor) e logo baleiranse dentro da arca.





Tamén a *pisa* faise nos *píos* ou *pilas*, que son vasillas grandes de madeira, dentro da *adega*.

O viño queda no interior das cubas xunto co bagazo para que ferva.

# XIANA E O BOSQUE ENCANTADO

Fai poucos anos, nun pequeno pobo, vivía unha nena chamada Xiana co seu can Pepiño. Un día Xiana saíu a dar un paseo con Pepiño, e a rato perdeuse. De repente empezou a oír unhas voces e se dixo a si mesma:

-Estarei delirando?

-Non, non. Responderon as voces.

-Ahhhh! Gritou Xiana horrorizada.

-Tranquila, somos árbores boas.

-Árbores que falan?

-Si, neniña, si.

Sen embargo, co tempo as árbores calaron, pero o que aconteceu despois foi aínda máis raro... Pepiño tiña alas!

Mentres Xiana buscaba a forma de volver a casa, Pepiño encontrou unha porta que dicía: "Castelo da raíña". Os dous entraron e Xiana preguntou a unha muller fermosísima pero con roupa de plebea:

-Onde está a raíña?

-Son eu.

-Ti?

-Xa sei que non o parezo, pero son eu.

-Mándame de volta a casa por favor.

-Terás que darme o teu can.

Xiana entregoulle a Pepiño, porque non podería vivir sen a súa familia, e a raíña abriu un portal a o mundo de Xiana. Nada mais entrar no portal, deuse conta de que estaba soñando e espertouse feliz, porque Pepiño estaba a o seu lado.

FIN

Ana Rey García

Galichisteando

# O MELLOR CHISTE DO NIVEL__6.º A____

-Que che parecen as hipotecas?

-Paréceme raro que os hipopótamos teñan discoteca.

-Si os ciempés teñen 100 pés, os piollos teñen 3,1416 ollos.

A profesora de inglés a Xaimiño:

-Como se di en inglés o gato se caeu á auga e se afogou?

Xaimiño:

-The cat cataplum in the water glu glu no more miau miau.

# O fondo mariño




Uxía Morán López 6º B.

# NOME DAS MASCOTAS EN GALEGO

QUE NOME LLE PORÍAS A TÚA MASCOTA EN GALEGO

MASCOTA



NOME

RONDA

# HAIKU

UN HAIKU É UN POEMA XAPONÉS QUE ESTÁ FORMADO POR TRES VERSOS.
O PRIMEIRO VERSO É DE CINCO SÍLABAS O SEGUNDO TEN SETE SÍLABAS E O TERCEIRO TEN CINCO SÍLABAS.
NUN PRINCIPIO ESTABAN DEDICADOS A NATUREZA.
AGORA EXTENDEUSE A TODO TIPO DE SENTEMENTOS.

PARA VÓS NENAS E NENOS DO MUNDO
DO CEIP RAQUEL CAMACHO

NENOS DO MUNDO
FILLOS DA ESPERANZA
REVELÁDEVOS.

SODES SINCEIROS
FALÁDENOS SEN MEDO
DELEITÁDENOS.

ESTADES MUDOS
USADE A PALABRA
ENSINÁDENOS.

TENDES DEREITOS
QUE ESTÁN DECLARADOS
CONSEGUÍDEOS.

# POESÍA PARA FIN DE CURSO

Os nenos de sexto
queremos honrar
este gran colexio
que imos deixar.

Cando estabamos en pequeniñas
xogar era a nosa especialidade.
Riamos e chorabamos:
tiñamos de tres a cinco anos de idade.

No primeiro ciclo
eramos uns ananos.
Aprendiamos a sumar...
tiñamos seis ou sete anos.

Chegamos a segundo,
xa mediamos moito!
Sabemos dividir ben,
tiñamos nove ou oito.

Estamos no último ciclo,
somos os máis maiores,
pasaremos ao instituto.
Grazas aos profesores!

Xa remata o poema
e esta é a nosa despedida
a este colexio onde
pasamos un pouco da nosa vida.

Ariadna Díaz Terrazo 6.º A

# O norte de Canadá (á beira de Groenlandia)

Como saberedes Canadá ten unhas illas (ou polo menos parecen illas) que están á beira de Groenlandia (ou polo sur).

poderíase vivir alí?

cómo serían os climas?

A cantos metros, centímetros ou kilómetros tendría que percorrer a zona máis próxima a Groenlandia para chegar alí?

Será Canadá o problema dos osos polares que se converteron en osos pardos?

Onde están situados no mapa?

Todo isto e moito máis agora.

1ª pregunta: poderíase vivir alí?

Pois a resposta é si. Pero non so viven os esquimais, tamén hai cidades.



2ª pregunta: como serían os climas?

Os climas son así:

TEMPERATURAS

xaneiro -22°C/-30°C
Febreiro -22°C/-31°C
Marzo -19°C/-28°C
Abril -10°C/-20°C
Maio -1°C/-8°C
xuño 6°C/0°C
xullo 12°C/4°C
Agosto 10°C/3°C
Setembro 5°C/-0°C
Outubro -2°C/-8°C
novembro -9°C/-17°C
decembro -18°C/-26°C

5ª e última pregunta: onde están situados no mapa?
Pois están aquí:



3ª pregunta: A cantos metros, centímetros ou kilómetros tendría que percorrer a zona máis próxima a Groenlandia para chegar alí?
Eu creo que habrá metros aproximadamente 50 metros.

4ª pregunta: Será Canadá o problema dos osos polares que se converteron en osos pardos?
Eu creo que si porque se está aproximadamente 50 metros poden nadar hasta alí, entón polo cambio climático como o seu pelo é branco e da moita calor, poderíase crecer outro pelo de cor marrón e da menos calor.



# ROSALÍA DE CASTRO

## 150 ANOS DE CANTARES GALEGOS

ESTA OBRA DE ROSALÍADE CASTRO FOI PUBLICADA EN 1863 EN VIGO E DA COMEZO A UNHA NOVA ETAPA PARA A POESÍA GALEGA.

A IDEA DE ROSALÍA FOI CONFECCIONAR POESÍA DESARROLANDO CANTIGA POPULARES GALEGAS EMULANDO O LIBRO DOS CNTARES DE ANTONIO TRUEBA.

OS TEMAS FERMOSÍSIMOS CLASIFICANSE EN: POEMAS COSTUMBRISTAS, AMOROSOS POESÍA CÍVICO SOCIAL E POESÍA INTIMISMA.



# LETRAS GALEGAS 2.013.

**Galicia do meu corazón**
**que coas túas fragas nos namoras,**
**Galicia do meu corazón**
**co teu fermoso chocar das ondas.**

**Galicia do meu corazón**
**co cantar dos paxariños,**
**Galicia do meu corazón**
**cos teus fermosos meniños.**

*Diego Lueiro - 5º B*



## A ROSALÍA DE CASTRO.

**Rosalía, Rosalía**
**foi unha marabilla:**
**tiña versos, tiña rimas,**
**que marabilla!**

**Rosalía, Rosalía**
**ela sempre moi sentida.**
**Rosalía, Rosalía**
**con moita arte recitaría!**

*Elena Carracedo - 5º B*

# DINAMIZAMOS CO DEPORTE:

JUAN DOMINGUEZ, RESPOSTA EN GALEGO AS NOSAS PREGUNTAS:

LEVO A MIÑA LINGUA POLO MUNDO

GRAZAS: EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

JUAN DOMÍNGUEZ
XOGADOR DE FUTBOL DO DEPORTIVO DA CORUÑA

# OSAMA




Nombre: Sheila Rodríguez Seijas Curso: 6ºB Fecha: 7-06-2012

# SENTIMENTO BRANQUIAZUL

## *GRUPO FRACASADOS*

TODA UNHA VIDA ESPALLANDO AS TÚAS CORES POLO MUNDO.

NA VICTORIA OU NA DERROTA O DEPORTIVO É O NOSO ORGULLO.

DE CORUÑESES, DE GALEGOS DA TERRA QUE MORRE ONDE O MAR COMEZA.

GOLES QUE XUNTAN AS VOCES CONTIGO ESQUECEN A SÚA TRISTEZA

DEPORTIVO ALÉ! DEPORTIVO ALÉ! TI ES A MIÑA ESTRELA
ESTRELA DO MEU CORAZÓN.

DE PEQUENIÑOS XA MEDRAMOS ESCOITANDO A MELLOR CANCIÓN.

A QUE O MAR LLE CANTA AO DEPOR CONTRA AS PEDRAS DE RIAZOR.

NON HAI TEMPO QUE REMOVA TODO O QUE NÓS TE QUEREMOS
O DEPORTIVO É UN SENTIMENTO QUE NON SE APAGA NIN NO INFERNO.

DEPORTIVO ALÉ! DEPORTIVO ALÉ! TI ES A MIÑA ESTRELA,
ESTRELA DO MEU CORAZÓN.

DEPORTIVO ALE! DEPORTIVO ALÉ! TI ES A MIÑA ESTRELA,
ESTRELA DO MEU CORAZÓN.

DEPORTIVO ALÉ! DEPORTIVO ALÉ! PORQUE NA CURVA ESTÁ A MEMORIA DESTE EQUIPO CAMPEÓN PORQUE TI ES A MIÑA ESTRELA, ESTRELA DO MEU CORAZÓN.

# DINAMIZAMOS CO DEPORTE

## SENTIMENTO BRANQUIAZUL

### CEIP RAQUEL CAMACHO

**OS DE PERÚ , PANAMÁ , CUBA , CHINA E SANTO DOMINGO ,**

**ARXENTINA , URUGUAI , BRASIL , CORUÑA E TODO O MUNDO.**

**SENTÍMONOS TODOS GALEGOS QUEREMOS MOITO A ESTE EQUIPO**

**XUNTO CON BRAIS CANTAREMOS A SÚA CANCIÓN PARA O DEPORTIVO.**

**DEPORTIVO ALÉ , DEPORTIVO ALÉ.............**

YEuRi de santo Domigo

JUNHAO De China

TERCEIRO B

Izan Coruña

Anheliz Panama

Adela A Coruña

Yammila Uruguay

Kevin Cuba

Lucia C Uruguay

Sabela C A Coruña

Kevin . D Uruguay

Diana A Coruña

Laura A Coruña

Sabela L. A Coruña

Noa A Coruña

Tamàs Argentina

Jorge A Coruña

Eunice Aguentima

Lara A Coroña

Lucía P A Coruña

Daniel Perú

Ainara A coruña

Paula A coruña

Diego A coruña

PROFE EVA A CORUÑA

# CINEMA

## TRABALLO REALIZADO POR DIEGO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

ALUMNO 3°B PRIMARIA



# O HOBBIT

Antes de contarvos a historia do Hobbit vou vos dicir quen son os Hobbits.

Os Hobbits son unha subespecie dos homes e son mortais.

A súa estatura varía entre os 60 e os 120 centímetros, e tenden á gordura. Son incluso máis pequenos cos ananos. Teñen o cabelo marrón e rizado e non teñen barba, excepto algúns Hobbits da póla dos Fortes.

As súas mans son de dedos longos e hábiles, con pés peludos e planta tan dura que non necesitan zapatos.

Gústalles moito a comida e a bebida e tamén recibir visitas de amigos e coñecidos. Acostuman a comer seis veces ó día. Porén, o que máis lles gusta é fumar na pipa. Son moi silenciosos polo que podían desaparecer rapidamente. Poden vivir moitos anos, incluso máis de cen.

Viven en acolledores buratos no chan. As máis das fiestras teñan, maior é a súa liñaxe. As súas casas teñen grandes despensas e as fiestras e as portas son redondas.

Gústalles vestir de cores vivas. Viven en harmonía coa natureza e son pastores e agricultores que traballan a terra artesanalmente.

A película comeza co hobbit Bilbo Bolsón explicando a historia do reino dos ananos. Os ananos vivían na Montaña Solitaria e tiñan moito ouro e pedras preciosas, destacando a chamada Corazón da Montaña. Pero un dragón, Smaug, decatouse da súa riqueza e arrebatoulles o reino ós ananos, sen que os seus aliados elfos os axudasen, e tiveron que fuxir.

Despois, Bilbo conta como foi cunha compañía de trece deses ananos a recuperar o reino.

Unha noite o mago Gandalf foi a casa de Bilbo para propoñerlle esa aventura, pero Bilbo negouse. Gandalf fixo unha marca na porta e esa mesma noite empezaron a chegar os ananos a casa de Bilbo, que se comeron toda a despensa e ofrecéronlle a Bilbo un contrato para ir na súa compañía ata a Montaña Solitaria, liderados por Thorin Escudo de Carballo, neto do anterior Rei Baixo a Montaña. Gandalf tamén dalle a Thorin un mapa que non saben interpretar e a chave dunha porta secreta á Montaña Solitaria. Ó comezo Bilbo negouse, pero ao día seguinte partiu con Gandalf e os ananos á aventura.

No camiño atopáronse cuns trolls que os atraparon, pero mentres discutían sobre como cociñalos, fíxose de día e convertéronse en pedra. Na cova dos trolls os ananos e Bilbo atoparon un tesouro e dúas espadas élficas moi poderosas para Thorin e Gandalf, e máis unha daga para Bilbo, que brillaban en azul cando había orcos cerca.

Nese momento uns orcos, liderados por Azog, un antigo inimigo de Thorin, asasino do seu avó o rei e ó cal Thorin cortoulle unha man na batalla, comezan a perseguir ós ananos. Nese momento chega Radagast, mago amigo de Gandalf, que lles conta que un mal está a crecer no Bosque Verde no leste, e ofrécese a entreter aos orcos mentres os ananos escapan. Sen embargo, acaban por descubrilos e loitando os ananos foxen a Rivendel, fogar dos elfos, guiados por Gandalf e coa oposición de Thorin.

En Rivendel o rei elfo Elrond logra interpretar o mapa de Thorin e lles explica cómo entrar pola porta secreta de Erebor. Neses momentos, mentres Gandalf está a discutir co Concilio Branco sobre as novas de Radagast do mal do leste, os ananos escapan de Rivendel cara as Montañas Nubladas. Alí Bilbo case morre nunha loita entre os xigantes da montaña e Thorin di que o hobbit é un estorbo para eles.

Esa noite Bilbo decide volver a casa, pero os ananos caen nunha trampa dos trasgos e son atrapados por eles, mentres Bilbo pasa desapercibido pero se perde nas profundidades da montaña. Os ananos son levados ata o Rei dos Trasgos, que os condena a morte, e Bilbo atópase nas profundidades coa criatura Gollum, que nunha loita cun trasgo perde un anel que Bilbo recolle.

Mentres os ananos ábrense paso loitando polas covas dos trasgos coa a axuda de Gandalf, Bilbo fai un trato con Gollum: un concurso de adiviñanzas no cal se Bilbo gaña Gollum móstralle a saída; pero se perde, Gollum o devora. Bilbo acaba gañando o xogo preguntándolle a Gollum qué ten no bolsillo, pero ó decatarse a criatura de que o que ten é o seu anel, enfádase moito e o persigue na escuridade. Cando vai ser atrapado, Bilbo ponse por error o anel e se volve invisible, xa que é un anel máxico, e logra chegar á saída ó mesmo tempo cós ananos perdoándolle a vida a Gollum.

Tras saír, Bilbo reaparece entre os ananos para sorpresa de Thorin, pero son acorralados nuns árbores ó carón dun precipicio por Azog e os seus orcos. Alí Thorin loita contra Azog e perde, pero Bilbo sálvalle a vida e os ananos son rescatados polas aguias que chama Gandalf.

Por último, Gandalf cura ao ferido Thorin, quen se desculpa e abraza a Bilbo, a quen lle debe a vida; e dende a súa posición logran ver Erebor, a Montaña Solitaria, lonxe no horizonte.


GANDALF
BOMBUR
BIFUR
DORI
FILI
NORI
ORI
GLOÍN
ÓIN
DWALIN
BOFUR
KILI
THORIN
BILBO
BALIN

# Día Das Letras Galegas.

Cada 17 de maio Galiza honra as súas letras e a súa lingua. Este ano vai ser homenaxeado pe Roberto Vidal Bolaño. Propuxose o día 17 de maio, (é) (ma) a data da publicación do libro, por ser nese día cando Rosalía de Castro llo adicou á tamén poeta Fernán Caballero. Roberto Vidal Bolaño nacera escritor era actor e guionista.

Galiza

Galegas Letras

das

Día

Día das Letras




Galiza

Galegas

Adela 3ºB



LETRAS GALEGAS 2013

**O CAMELIO**

**ÁRBORE PLANTADA AO HOMENAXEADO NO RECUNCHO DOS ESCRITORES**

ROBERTO VIDAL BOLAÑO




LETRAS GALEGAS
DRAMATURGO
ROBERTO VIDAL BOLAÑO
2013

6º curso de primaria

# A NOSA VIAXE ÁS ILLAS CÍES



*Agardaramos tanto pola saída de xuño*

*que aquel luns se nos puxo a alma nun puño,*

*pois a visita a unhas illas máxicas e misteriosas*

*corría perigo por mor dunhas choivas copiosas.*



*Chegaramos emocionados á estación*

*pois aínda non sabiamos da gran decepción,*

*ese día non íamos subir ao tren,*

*tivemos que esperar a xoves, pero todo foi ben.*

*Ao chegar a Vigo nun barco subimos,*

*quedamos perplexos do que nas Cíes vimos,*

*areas brancas e praias fermosas,*

*flora, fauna e moitas outras cousas.*



*Apretaba a calor e bañámonos en Rodas,*

*que é, das praias, a máis valorada de todas,*

*tamén coas gaivotas aprendimos e gozamos*

*pois coidaban das crías mentres as observabamos.*

*Así chegamos ao remate desta aventura maravillosa*

*e celebrámolo comendo unha torta moi saborosa,*

*grazas ás nais por este regalo a nós, os nenos,*

*rematamos primaria... botarémosvos de menos!*



# MERCADILLO SOLIDARIO NO CEIP RAQUEL CAMACHO.

No curso 2.012-13 o alumnado do terceiro ciclo de educación primaria conseguíu implicar activamente a toda a comunidade educativa do colexio nun proxecto solidario fermosísimo.

Tras recibir a visita de María, fundadora da ONG coruñesa “Miradas al Mundo”, e escoitar as súas vivencias e ver videos do seu traballo en Guinea-Bissau os alumn@s quedaron altamente motivados e quixeron aportar o seu gran de area, axudando así aos nen@s que non teñen tanta sorte coma eles.

Decidiron intentar conquerir os cartos necesarios para a construción dun pozo nunha aldea guineana, xa que lles parecía a aportación máis útil, tras saber que para ter auga mulleres e nenos teñen que percorrer a miúdo longas distancias a pé. María explicounos que construir un pozo manual custa aproximadamente uns 1.000 €.

Así xurdíu a idea de realizar un mercadillo solidario, dous cursos consecutivos, para poder construir un pozo co nome do noso colexio en África.







**XA TEMOS 745 EUROS!!**

**MOITÍSIMAS GRAZAS A TOD@S POLA VOSA COLABORACIÓN!**

# HIMNO GALEGO

Os Pinos.

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa



**Eduardo Pondal**

A Profesora e @ alumn@s de 3ºB pedimos para tod@s:




PEQUENOS
BOLAÑOS
17 DE MAIO
1ºB
DÍA DAS
LETRAS
GALEGAS

# O noso viveiro 2.0.

**CURSO 2012-2013**







VAI A MUIÑEIRA DE ...


BIBLIOTECA
OS BOLECHAS VIVEN NA BIBLIOTECA
NOME MASCOTAS


LETRAS GALEGAS
2013
ROBERTO VIDAL BOLANO


Día das Letras Galegas
XUNTA DE GALICIA
Dia das Letras
Galegas 2013
GADIS
En confianza

# Colexio de Educación Infantil e Primaria "Raquel Camacho"

6º de Primaria

Curso 2012-2013



RODRÍGUEZ MACHADO EDUARDO
OURO SOUZA Mª CARMEN.
GÓMEZ ORGEIRA GUMERSINDA
BARREIRO RIAL MARÍA
CAAMAÑO AMEIJEIRAS CARMEN
VARELA TEMBRA JUAN J.
SIGÜENZA VÁZQUEZ JOAQUÍN

ADAMES LÓPEZ ISAÍAS
AMENEDO MIRAMONTES JUAN
AREOSO LÓPEZ ANA
AZNAR FERNÁNDEZ JONATHAN
CEDRÓN CARRACEDO SHEILA
CIUCUREAN MELINDA DANIELA
CIUCUREAN LEEIA-ANA
CORTÉS BELLO NEREA
COSTA GOMEZ CARLOS DANIEL
DÍAZ CASTAÑO JOSÉ MIGUEL
DÍAZ PÉREZ ANTONIO
DÍAZ TERRAZO ARIADNA
DIOMANDE KADY

EL JEDDAD ZAKARIA
FERNÁNDEZ CASTELO LAURA
FERNÁNDEZ CORTIÑAS GABRIELA BEATRIZ
GARCÍA REMO DAVID
GESTAL PÉREZ FABIO ANDRÉS
GODICA GHITA LEO
GONZÁLEZ NÚÑEZ CANDELA
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ Mª YAEL
GONZÁLEZ SEGURA NELSON ANTHONY
GOYANES QUELLE MIGUEL
IYANGA DJONI FLORENCIA
MARIÑAS ROMERO HUGO

MISCELI ISABELLA
NAYA FERNÁNDEZ JONATHAN
PARGA NOYA CYNTHIA
PAZ FRANCO NICOLÁS
PERERA BARTHELEMY WHITNEY
PORTILLA ZAMBRANO ANDERSON ESTIVEN
QUEIJO COUTO CARLA
QUINTANA DE LA CRUZ YENNIFER ANGELINA
RAMOS GARCÍA ALEJANDRO
REY GARCÍA ANA
REYES RAMOS JOIDA ESTHER
RODRÍGUEZ GÓMEZ MARÍA DEL MAR
RODRÍGUEZ MEDÍN DAVID

SANCHÉZ DA SILVA RUBÉN
SANFO PAMPÍN Mª FÁTIMA
SOTO FIGUEIREDO MANUEL
SUÁREZ LEONARDO
TONG PAUCAR FLAVIA DANIELA
TRESANCOS GARCÍA SANDRA
VARELA MOSCOSO DIEGO
VARELA MOSCOSO RUBÉN
VÁZQUEZ JIMÉNEZ ALFONSO
VIGO LAGE DANIEL
VILLEGAS ARREDONDO SOFÍA AILEN
VITINI GARCÍA RAYNI MOISÉS

A Coruña

# AGRADECEMENTOS E LEMBRANZAS

Ás profesoras Pilar e Gumersinda que no seu momento de actividade profesional compartiron a realización desta revista e aportaron con gratitude e vocación todos os seus esforzos na educación e formación de xeracións de alumnado.

A comunidade educativa do C.E.I.P. Raquel Camacho deséxavos que levedes una vida  moi xubilosa nesta nova etapa.



GUMER



PILAR MIRANDA

XUÑO 2013

# O NOSO VIVEIRO 2.0. – Nº 2




# CEIP RAQUEL CAMACHO

# (A CORUÑA)